

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DA IRMANDADE DA FALA NA GALIZA E NAS  
COLONIAS GALEGAS D'AMÉRICA E PORTUGAL

ANO MCMXX



## SUMARIO

Poemas sinxelos, CORREA CALDERÓN.—A Universida de Santiago non é Universidade galega.—Psalmos a unha muller qu'endexamais ha de ser miña.—Pensamento sobor da Comtesse Mathieu de Noailles.—Asteriscos. R. BLANCO TORRES.—Das Américas e de Galicia, XAQUIN BACALO.—Sonetos de FLORENCIO VAAMONDE.—A unidat hespañola, LOIS PENA NOVO.—Lembranza (poesía), CARMEN PRIETO ROUCO.—O amor que soño (poesía), J. I. R.—Pol-os camiños da Hestoria, FRANCISCO ABELAIRA.—Letras nosas e alleas, VICENTE RISCO.—Ensaíos. A. VILAR PONTE.—O agrarismo na provincia da Cruña.—Vountade.—Un artigo de Unamuno.—Coutacións decenaes.—Peneirando.—Libros e revistas.

PREZOS DE SUSCRIZÓN.—NA CRUÑA, ó mes 40 cts.; FORA, trimestre 1'50 ptas.—AMÉRICA, trimestre, 2 ptas.—Custe d'un número, 15 cts.—Pagos adiantados,

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA.

## LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

### Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.—A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais exquisita.

PROBÁDEOS E CONVENCERÉDESVO

### Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa mais antiga de Xerez.

### O vermouthe mais selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

### Pra viños de mesa

non hay outros com' os dos cosecheiros eisportadores señores B. LOPEZ DE HEREDIA (Haro) Casa central: Plaza da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

## JOSE C. JUNCOSA

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A Cruña

## NOVELTY

### PLANCHADEIRO DE MODA GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes—A Cruña, Cantón Pequeno, 12; Vigo: Praza da Constituzón, 12.

Sucursaes na Cruña.—Estreita de San Andrés, 12; Praza de Azeárraga, 4; San Agustín, 22.

Sucursal en Vigo.—Circo núm. 5.

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu' é reprodución da marca de garantía eiqui estampada.

Recíbense encárgos de fora, y-espídense por meio das nosas sucursaes. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárgos.

## PAULINO FREIRE

### BOUZAS — VIGŌ

SUCURSAES: CRUÑA - FERROL

Redes d'algodón pra Tarrafa.

Aparellos, armados e en panos, pra barcos pesqueiros.

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro ingleses.

Aceites mineraes e vexetaes, e surtido completo pra maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 28. — A CRUÑA

### "PATENTE-SALVAVIDAS"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

Vigo - Cruña.

## Gran Café da Marina

— DE —

JOSE RODRIGUEZ de VICENTE

Urzáiz II.—BAYONA.

### Materiaes de Construcción

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS—CARBÓN

CENTRO XENRAL DE SEGUROS

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

### LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º —A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higienicos. Especialidade en lavados de cabeza locíos e fricíos de todas clases.

NOTA: N'este estabrecimento atopara o público un servició permanente a cárrgo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

### Fábrica mecánica de calzado

— DE —

Anxel Senra

RÚA XAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA



# A NOSA TERRA

BOLETÍN DECENAL

ANO IV—NÚMERO 216—20 AGOSTO - 1920

## POEMAS SINXELOS

### O vello fala á nena das strelas

Pra Tereixiña, a miña irmá mais nova,  
con tanto amore e sentimento..

Era unha noite crara e morna.

Eu na soedá me dinifico. Sinto na miña alma  
a bondade de San Farruco d'Asis. Xa cuasi non  
teño medo ò silencio.

Eu fuixo da xente. Quero ir só c'a miña emo-  
ción.

Aquela noite crara e quente fun rubinda o  
outeiro: Unha soedá moura.

Había unha parella: Un velliño de barbas  
brancas i-unha neniña loira, inda en frof.

I-o vello falaballe das estrelas á neniña loira.

Siñaláballas, acenando c'o pau que levaba  
pra se sostere.

—Aquila é a Osa Mayor, aquil o Carro, aquil  
o luceiro da mañan...

—Pro ves o ceo strelado, meu aboiño?

Ai, non, anxeliño, non. Mais levo tod'o ceo  
strelado na miñ'alma. Eu sint'o tremelucire  
macio das strelas.

O velliño cego levaba tod'o ceo strelado na sua  
alma.

### Stampa Insénua

Pra miña Noiva, que é Xentil e ten  
unha fermosa sorrisa.

En primadeira, erguían o vó as pombas do

#### CADRO BRANCO

O poeta **Cabanillas** facerá  
o discurso d'ingreso na Academia  
Galega, no **idioma galego.**

casal d'enfrente, erguían o vó ou se pousaban.  
Xogaban a boar i-a se pousaren...

Como era primadeira as pombas andaban en  
celo.

O macho inflaba o papo, e arrulaba dando  
volta ò redor da femia, que tiña unhos ollos  
muito lindos i-unha capuchiña.

Ela que staba sentada baixo un magnolio,  
púxose envermellada de rubore, ó vel-o erotis-  
mo inocente das sinxelas pombas.

Stoncias Ela, que non sabía nada, adiviñou o  
senso sensual da natureza, i-stremeceuse...

### Sensación do Xardín Botánico

Pra Manoel da Peña, home bô, co-a  
máisima cordialidade.

Homes melancónicos.

Letreiros en latín pendurados con cravos nos  
arboriños frofidos, e nas árbores xentís. Aquela  
sophora tan linda com'as dos fundos dos cadros  
primitivos—sóbor d'unha colina—chámase en  
erudito *Gleditschia Triacanthos*.

O macio sol da serán, deténse nas ponlas.

Páxaros a cantar, i-unha rula ò lecos. Sem-  
pre q'entrei no Xardín Botánico unha rula a  
cantar...

Unha tristeza...

O silencio é bondadoso.

CORREA-CALDERÓN.

#### CADRO MOURO

O poeta **Rey Soto** facerá o dis-  
curso d'ingreso na Academia Ga-  
lega no **idioma castelán.**

## A Universidade de Santiago non é universidade galega

### Para os portugueses amigos

A Facultade de Medicina do Porto pol-a iniciativa moito loubabel do popular portugués Sr. Almeida, ten convidado á Universidá de Santiago a que mande algúns dos seus catedráticos a concertar un curso de conferencias de intertroque cultural entre ambos povos, o galego e mail-o lusitano, na-quele centro docente.

Na primeira quincena do Outono tencionan iren ó Porto os catedráticos santiagueses, señores Cabeza León, Gil Casares, R. Calderón, Novo Campe-lo, Rovira e Cotarelo, presididos pol-o reutor Lino Torre.

E' de certo doloroso que a reialidade non corresponda ao bon propósito da admirabel escola de Medicina portuguesa. Pol-a sinxela razón de que es-cepcionados os Sres. Cabeza León e Gil Casares, os mais son profesores sen releve de nengún xeito. I-outro como Cotarelo que ten cultura, non pertenece á razón galega. Levá-rán, porén, eses señores, a representación da Universidá caciquil da vella Compostela onde un dos caciques é o Sr. Lino Torre, mas non a da Universidade galega, que inda se non ten creado.

Queremos decirllo con tempo aos irmáns abençoados da gloriosa Lusitania, para que logo se nou veian enganados nen coiden que a nova Galiza are-losa de se arredar fundamente da valeira cultura castelán, ten nada de relazón con a Universidade caciquil de Santiago.

A nosa rexista, ten lectores moi intelixentes en Portugal. Recévena os centros portugueses de maor cultura. E n'ela, pois, e onde pódese dar este aviso, en nome do nazonalismo galego, vixiante do bon nome da Terra escravizado pol o

centralismo de Castela, aos amigos de Portugal.

A Universidade de Santiago non representa a cultura galega. E unha Universidade tan pouco galega como a de Zaragoza, Madrid ou calquer outro povo da Hespagna. A moceda-de inteleitual da nosa Terra vive divorciada d'ela.

Terán de seren outros catedráticos galegos, mas non pertencentes á Universidade de Santiago, os que logo dicirán en Lisboa, no Porto a Coimbra, o credo do nazonalismo de Galiza.

### Psalmo a unha muller qu'endexamais ha de ser miña

Tes pra min ise encanto das cousas lonxíquas e imposibeis...

Sei qu'endexamais has de ser miña, que non podes ser miña.

Por isto mesmo, volvoreta d'ensono, téis un dobre prestixio diante dos meus ollos pasmados i-atónitos, que reflexan a tua imaxe coma un regato cantareiro reflex'a xentileza d'un verde salgueiro.

Muller adourabel: tes pra min o fulgor d'unha strela.

Pareóicheme unha strela, porqu'és pra min tan imposibel como unha strela verde, scintilante, n'unha noi-te de prata.

Eisi, és cousa soñada miña dona.

Quizabes si che topase c'as miñas maus frebecentes, se sentis'a quentura mol da tua carne, frorida, quizabes ficase nas miñas maus o sutil pô d'ouro das tuas ás de volvoreta delicada...

♦ ♦ ♦ ♦

### Pensamento sobor da Comtesse Mathieu de Noailles

No retrato de Zuloaga.

Unha das inquietús líricas da Comtesse Mathieu de Noailles: O que pensarían d'Ela, com'era de nova, os adolescentes que leían os seus versos, despois de morta xa,

Ái miña dona!

Unha tarde, ô pé da fenestra, púxenm'a lere os teus versos, i-eran divinos, porque eran teus. Tiñan a inocencia i-a ledicia da natureza.

Un intermezzo sentimental, c'o libro esquecido n'as maus.

I-en maxinei a tua imaxe, lembrei o cadro, nó que somellas unha magnolia aberta.

A tua face tan triste, d'ollos infinitos, aparecéseme na fronte!

A tua face d'ollar triste. pálida e branca!

Eras unha divina frol que salaiba ô bicala o vento maino da emoción.

Stou namorado da tua face!...

E o que os adolescentes pensan de tí.

## Asteriscos

Acabo de lere, no número d'A NOSA TERRA adicado ô Día de Galicia, unhas liñas de Abetaira. Ben; moi ben! Eso é ter ollos prã realidade; eso é decatarse do eunuquismo, da cobardia ambiente; eso é ter sensibilidade pra encher, diant-o espeutáculo que ofrece a nosa Terra, de xenreiras nobres o corazón. Hay que darse, entre nos, así tamén. Ocupar todol-os postos do combate. Recadar todas as armas. Xunt-ôs homes de ideas, convéñenos estes homes de loita, de aución, de ataque. Moito dénantés que nada, do vello Platón, mesturado c'un pouquiño d-ese tonto de Smiles ou d-ese parvo de Marden. Eu éñchome de ledicia pensando que nas nosas fitas pode xurdir un Venillot, un Rochefort ou siquiera un Vargas Vila. Un libelista é unha cousa indecente cando non ten após d'el o fogo d-un ideal. Nós necesitamos panfletos. O panfletismo — no fondo misteco — que reflexa unha luz de ideal e ten a quentura d'unha outa e honrada pasión, é unha cousa sagrada: Evos como auga fresca sóbor da terra quente aburada. Ariete ou piqueta, mazo ou catapulta, bisturi ou corrosivo, xunt-às forzas que construyen é mester forzas que derrubén. A verdade non ten pra que s'achare na retórica, esa alcahueta da inomidade espiritual castelán: nin eufemismos, nin perifrasis, nin reticencias. Nós, nós e nós = Galicia.

R. BLANCO TORRES.



## FALAN OS EMIGRADOS

## DAS AMERICAS E DE GALICIA

A Terra, a meiga Terra sobor da que pousou suas arroladeiras noso berce de nenos—pois nosco emigrantes, xente do agro a mais dela, fomos criados así, entro mimo do colíño da nai, y-as cacheiradas do chao—ela, a sempre rideira e meiguíña ¡non'os doi! Fuximos sin aeugo e desleigados pra lonxe, inda que a fada da morriña nos vaya roendo a y-alma mundo adiante.

As leiras quedan ermas, as chouzas sin regar, non queren pintar as viñas como decía o poeta, e Galicia coma inconsolable viuda envólvese en loito e morre de tristura... morre sin remedio.

Mociños brabios tuxen desagarimados, arelosos non saben de que é, a manía d'América rabuñalles a conciencia, adormécelles a vontade e tiralles toda cobiza de facer algo de porveito que non sexa no mundo americano que soñaron ao seu xeito.

—¡Pr'a onde vas tolo?—Pra onde van todos.

## ¿Onde está a razón?

Buscoa e non a atopo. A xente nova, que é de quen mais percisa Galicia, fuxe por cobardía denantes d'aber estrenado suas condicións na loita económica, se cadra emigra fuxido a unhas quintas hespañolas, ridículas e vergoñosas e acó veñen os brazos que os agros percisan, a ocupárense as mais das veces do que nunca se ocuparon, por mal encamiñados, por falla de dirección.

D'estes labradores galegos que acó chegan van poucos a revolver a terroeira das pampas argentinas, que é o que millor farían eles e o que mais aporveitaria ao país; quédanse pol-as cidades facendo de porteiros y-aforrando unhas cadelas a conta de sufriren necesidades e lembrarse dos seus.

Transprantar estes labregos onde convén ao país e a eles, é pretensión imposible. Afixeronse a un collar e a unha froxa chalina, regalo do amo e aborrecen o pano campeiro.

Os espritos cultos que agora dan en chegar d'aló mátaos o bafó d'esta Cartago pouco atenta ás superiores manifestacións das ciencias e das artes que viven n'ela coma pranta en invernadeiro, murchándose por falla d'ambientado axeitado.

Eles pérdense pra Galicia e pró país que os recibe. S'algunha razón hay d'emigrar eu non'a vexo.

## ¿Razón de cartos?

Négoa. Tampouco a hay. Os poucos aforros que a Galicia mandan os emigrandos ou que consigo levan non significa gran cousa na riqueza galega. Pregunto: ¿onde están as frábricas que gracias aos emigrados fan obra de progreso galego, d'abaratamento e confort da vida?; ¿onde están esos mineiros que furan as montañas de Lugo?; ¿onde es agricultores que producen mais e con menos custe?... ¿houbo algún americano arriscado que levase a Galicia unha industria nova ou que puxe e fortes capitaes á disposición d'algunha vella?

Excepcións me non convencen; quedamos en que non.

Algús párause n'us millós de pesetas que d'ano en ano van pra Galicia de terras americanas. Eu penso que eso é mirar a riqueza das coleitividades con ollos moy pequenos. Esos millós producto de miles e miles de galegos espallados pol-as Americas representa un ben prove dividendo pra Galicia. Non quero decir co'esto que a nosa produción non iguale a dos outros; se producimos mais ou menos e cousa que deixo a unha beira; o que eu quero decir é que toda nosa forza e capacidade productora necesítase en Galicia i-hay onde ampregala por pouco que s'olle

Ademais, i'esto é o pior, eses millós son mal aplicados. Poucas veces sirven a outro fin que non sexa o d'unha parva fachenda de convertir a casa labrega onde naceron nunha casona desaxeitada e fora de todo euste razonable, senon así que o costa e non'o val, ou pol-o menos non'o pagan.

Eso sí, o ornato das aldeas gana cos cartos americanos. Enantes víanse poucas casas caleadas; as que se vían eran de señorios, pro agora calquera viste de branco y hastra vay sendo «americano» ter casa caleada.

## Un bo desexo

Eu que fixen voto d'esgallar miña pruma denantes d'esquirbir en linguas alleas, eu que esquirbindo en galego decote quixera ter razón e dicir verdade, hei convir en qué a sangría que co-a emigración sofre Galicia podería estañarse axiña s'os milloneiros galegos facendo do que hastra aqui foi un mal unha fonte de ben.

Pro esto non é mais que un bó desexo: o cápital non ten agarimo, busca agarimo e anda a pillota d'achegos.

XAQUIN BACELO.

Argentina, 1920.

## Sonetos de Florencio Vaamonde

## A LONGUEIRA

Ou sitios da Longueira deleitosos  
Que a miña compañeira visitabal  
¿Ul-as sombras aquelas que ato-  
(pába,  
E ul-os ¡ai! teus paxaros armo-  
(níosos?  
Os pinos xa non vexo que, vi-  
(zosos,  
A terra naquel tempo sustentaba,  
C'o fruto que d'abondo regalaba  
A fecha piña nos piños duzosos.  
Tódos vítimas foron, sendo ao  
(lento  
Da edá que os acabou, fera ene-  
(miga  
De que nada no mundo será esento  
Pero aínda vive agora a miña  
(amiga  
E conserva ¡oh consolo! a todo  
(evento  
A soberba beleza que me obriga.

## A L\*\*\*\*

Cargado está de feros e temores  
Trocouso o día en noite sin  
(estrelas.  
As flores murchas vexo, sinto  
(aquelas  
Que delicadas mais teñen as córes.  
Non andan xa nos prados os amores  
As ninfas axexando; todas elas  
D'alf fuxiron, tímidas doncelas,  
Escoándose dos rogos e cramores.  
No zazan os meus laios e o meu  
(pranto  
Se o seu orixe e causa miro atento  
Aumenta-se o meu mal e o meu  
(quebranto.  
Enduzarás-me ti o sentimento;  
Escravo do pensar serei en tanto  
Que m'encha tua imaxe o  
(pensamento

## O semanario republicano de Pontevedra publicou c'o título de «Cosquillas», o que sigue:

«A fin de mes celebrará en Mondariz dos sesiones la Real Academia Gallega, con objeto de recibir en su seno a dos nuevos miembros.

Esto está muy bien.

Pero es el caso, que uno de los recipiendarios y el académico encargado de contestarle, anuncian, por lo visto, que pronunciarán sus discursos en castellano.

Y esto ya está bien.

Porque ¿nuestra Academia es de la lengua gallega o de la castellana?

Por cierto que los señores que en la Academia Gallega van a hablar en castellano, visten los dos sotana.

Siendo así, es raro que no se les haya ocurrido hablar en latín.

La inconsecuencia no sería de más bulto, por aquello de que la lengua de Lacio es la de los doctos y además porque cuenta entre su abundante prole al gallego y al castellano.

## Pra desfacer unha lenda

## A unidade hespañola

¿Quenes foron os primeiros hespañoes? ¿Onde comenza a unidade hespañola? Hespaña nunca conquistou unha unidade completa; Hespaña nunca constituiu unha Nación independente.

Disque foron os iberos os primeiros povoadores da Península. Nunca conquistaron un dominio e unha unidade permanente. Os fenicios, os celtas e os gregos fundaron colonias, das que defendían os iberos. Toda a prehistoria da Península nos fala da dominación estranxeira.

Da comenzo a hestorea antiga e-o dominio dos cartagineses que conquistaron e asoballaron á maioría da península.

Romata a dominación cartaginesa pra dar paso a outra dominación inda mais forte; a romana. Roma conquistou a Península, e cinguíuna durante séculos o seu dominio e ós dos sus destinos.

Iha Hespaña conquistando un xeito d-autonomía, dentro da dominación romana, cando comenzo outra dominación mais bárbara: a dos godos. Durante iste dominio a separación mais fonda arredaba a dominadores e dominados: os hispano-romanos non podían subiren o Trono; o sangue real tiña que ser godo; difrente era a lexislación, difrente a relixión. E cando comenzan a unificarse e confundirse, parados mais de dos séculos, godos e hispano-romanos, outro novo dominio estranxeiro veu a gobernar na Hespaña: o Imperio dos fillos de Mahoma. Da comenzo a época chamada Reconquista: séculos enteiros voltou a loitar Hespaña por conquistar unha unidade qu-inda nunca tivera: en forza de tempo dous reinos podentes érguese na Península; o reino de Castela e o reino de Aragón; mais inda estos Reinos seguían loitando contra os mouros, cando volveu a se xunquiren a outra dominación estranxeira: por primeira vez na Hestoria un rey d-Aragón fai o seu Reino tributario de Roma; e casi o mesmo tempo Alfonso VI de Castela fai o seu Reino tributario tamén de Roma reconecendo o poder temporal dos Papas en Gregorio VII, que como bó francés que era, enche as sillas episcopales de Castela de bispos e arzobispos franceses; e tamén baixo esa influencia fai que dous aventureiros franceses casen con princesas hespañolas, entroneando nos Tronos de Portugal e de Castela, que desde aquela comenzan a seren Tronos estranxeiros. E a todo isto, inda os fillos do Corán seguían na Península.

Chegan por fin os Reis católicos, que conquiren o derradeiro baluarte mouro, Granada, e funden nun soilo os varios Reinos da Hespaña. Pero inda non romataran de o faceren cando delegan a sua autoridade n-un poder tuitivo, bretamoso estrano o povo e sempre inimigo do povo; fundan a Inquisición, ese Tribunal sanguiniento apreixador y-onnipotente, que estaba por riba das leis, dos Reis e das xentes, e que había de deixar o pensamento hespañol illado do progreso hirmán; inda hoxe non chegamos a solidarizarnos ó noso pensamento europeo, pol-o retraso de séculos que a Hespaña sufriu no camiñar do mndo.

E a todo isto, expulsando os mouros da Península, os hespañoes non e certo que houbesen reconquerido a Hespaña: reconquistaron un terreo mas mataron o comercio coa expulsión dos xudíos: a agricultura coa expulsión dos mouros: a cultura coa destrucción das bibliotecas mouras: mataron a terra incendiando, talando e matando como dí un escritor. Un Ordoño incendiaba na

Lusitania, mentres o hespañoes do Pirineo talaban hasta o Ebro as terras musulmanas, outro Ordoño devastou o territorio de Mérida, Fernando El Magno talou a riquísima Veiga de Toledo. Alfonso VI pasou as duas Castelas talando campos e incendiando povos. Alfonso VIII entrou incendiando por terras de Jaen e Andújar. Seu primoxénito incendiou e esnaquizou o Reino de Murcia, Fernando o Santo mandou talar e esnaquizar o Reino de Sevilla. Alfonso XI talou as terras da fronteira granadina. E no sitio de Granada os Reis Católicos puñeran 30.000 taladores a non deixar unha soila folla verde. Pol-o derradeiro, mataron o espritu do progreso coa Inquisición. ¿Onde está a unidade da Reconquista? Unidade funeral d-un incendio, no que fóranse aburando as enerxías d-unhas razas e as riquezas d-uns povos.

LOIS PENA NOVO.

(Continuarse)

## LEMBRANZA

Pr'a curman Sabela González Prieto,  
residente n'a Habana.

Dende lonxe pra'acó tenras miradas  
Lle mandache a ista terra meiga e pura,  
Onde a nobre y-a grande creatura  
No seu seo dormen sempre acobixados.

Di ¿cal feita por maus de diosas Fadas  
Non a tes ti soñado, por ventura,  
A ista terra de amor, de Fermosura,  
Que vibrar fixo liras inspiradas..?

Si, pois sabes soñar com'os galegos;  
Mais... ¿qué digo..? ¿n'és filla d'os labregos  
D'enxebres e fidalgos corazós?

Si: és d'o chan que inspirou as *Follas Novas*,  
Pois aquí dormen xa n'as frías cobas,  
O eterno e doce sono teus abós.

CARMEN PRIETO ROUCO

Villalba, 1920.

## O AMOR QUE SOÑO

TRADUCCIÓN

Eu soño amor ardente,  
de luz cheo, esprendoroso;  
feito de sangue e rosas; de todo o que é roxo e quente;  
Como unha luz de San Telmo, coma un lóstrego lumioso;  
un amor que pouco dure: extinto tan pronto aceso.

—¿Que non dure? ¿Y-é amor eso?

—¿E menos amor quizabes, porque morrer deba axiña?  
Si tal pensas, ¿é quo coidar que será mais verdadeira

A flor de trapó enganosa,  
nunca murcha, do que a rosa,  
da roseira  
—fror raiña—  
que foi nada  
na alborada

e murchouse â seranciña?

J. I. R.



## Pol-os camiños da Hestoria

No meu fogar, Catedral dos meus grandes amores, teño un sagrario, donde meu espírito se fai e donde rindo culto á Santa Intransixencia.

Sobor d'unha táboa meus libros d'oraciós.

Nas suas cubertas rachadas, envellecidas, enmourecidas pol-o uso lénse os nomes dos nosos grandes místicos: Rosalía, Pondal, Cabanillas...

Pendurado da parede un cadro de marco mouro, repersentando un mozo pelengrino—qu'outro mozo pintóu, Camilo Díaz—c'unha lénda escrita no idioma patrio; lénda que ten pra min o sabor acre d'unha traxedia da i-alma.

«E pelengrino eterno e non atopará nunca a sua compostela.»

\*\*

¿Seréi eu tamén, eterno pelengrino do Ideal?

¿Non chegaremos ô cume do monte, donde se atopa a cibdade santa das nosas cobizas?

\*\*

Ven, macedade, ven.

Longo é o camiño, mais a moxedá é nosa.

Quero facer con vosco a pelengrificación; non vos asusten nin os cans que ladran, nin os cadavres insepultos, nin os mendigos chagados que atoparemos á veira do noso camiño.

Non temades que estraviemos a ruta; levo connigo a guía.

Un cadro branco; unha franxa azul; unha estrela roxa.

O camiño de San Iago marcado no ceo i-a estrela solitaria que nos dirixe.

¿Concedes o seu significado?

\*\*

O Medulio.

A sagrada forxa, donde fundíuse con corazóns de mártires o heroísmo da raza; donde o valor fixose sangue i-o sangue rebeldía.

¿Non a sentides ferver nas vosas veas?

O que teña medo que non siga; a Galicia está chea de cobardes e non importa un mais; teremos pra vos a lástima e o noxo que gardamos pr'á moxedade falla de virilidade, masturbadora do espírito.

\*\*

A Frouseira.

A desgracia torceunos o camiño pol-as estradas polvorentas da Castela, paseo adoitado pra un Sancho que ten a i-alma no estómago e pr'o espírito delgadeiro d'un Quixote.

Eiquí aforcaron ôs Patrianos; fixe-

ron xirós a nosa bandeira; desterraron a nosa fala.

Roubáronnos a i-almas e quixéronnos impoñer un alma allea,

¡Mochedade! Hay que desandal-o camiño, hastra tornar a atopar a sorna dos arbres seculares de Galicia.

\*\*

Carral.

Truncaron o camiño.

Ainda non enxoiouse o sangue dos valentes; mozos cairon, baixo o promo da maldecida Castela imperialista e anuladora de pobos.

¡Si eles cairon, ocupémol-os seus postos!

¡Un paso mais, mochedade!

Diante de nós, érguese a nova terra de Promisión; a Compostela dos apóstolos gardadora eterna dos seus sepulcros.

Do vello San Iago.

De Rosalía; de Brañas.

E ainda humedecido pol-as nosas bágoas a tumba do apóstol do novecentos: Porteiro.

\*\*

¡Eu non quero ser eterno pelegrino!  
¡Quero deixar ôs meus fillos unha Patria ceibe e soberana de si mesma!  
¡Quero gozar da libertade da Galicia!

Mochedade... ¡un paso mais!

Mochedade... ¡un derradeiro esforzo!

FRANCISCO ABELAIRA.

## Letras nosas e alleas

### Letras galegas en Francia

Philéas Lebesgue no *Mercur de France*, 15-VI-1920, na sección de *Letras portuguesas* e baixo a rúbrica *Le Reveil littéraire de la Galice*, inaugura a mención das nosas cousas do xeito seguinte:

«Iste libro—refírese a *Os poetas Lusíadas* de Teixeira de Pascoaes—sobre do que cumpríranos volver falar mais longo, dános indirectamente a clave do probrema ibérico, condicionado tan estreitamente pol-a dobre reivindicación da autonomía da Cataluña e mais da Galicia. Ora, esta, gracias á súa lingoa, que é un dialeto portugués, cultivado dende longa data, quere entroncar coa ancestralidade céltica, no seo da que se desenvolve a saudade. O *Espertar literario da Galicia* principiú pol-o 1862 e ilustrouse cos nomes de Curros Henriquez, de Valentín Lamas Carvajal, de Duardos Pondal, de Rosalía de Castro, a poetisa dos *Cantares gallegos*.

«O segundo renacemento manifestouse dendes 1900; il suscitou ardentísimas iniciativas que particularmente propóñense levar a todo a primacia da lingoa da Galicia.

«Dous poetas, Anton Noriega Varela, simples mestre d'escuela, cantore fervente das *Montañesas* (1904) e Ramon Cabanillas, autore de *Vento Mareiro* e *Da terra asoballada*, incarnan no seo d'iste movemento os dous aspectos contraditorios da nacionalidade de Galicia: o soño saudoso en Varela, y-a combatividade revoltada ao Cabanillas. Ó seu lado, Lopez Abente, o autore d'*Alento da Raza* figose intérprete do latexar do curazón do pobo. Propoñémonos analizar ulteriormente o contido dos fascículos de prosa e mais de poesía publicados por A NOSA TERRA. Esta pequena Lusitania do Noroeste ibérico é merecente de ser estudiada ô tempo que o Portugal fraterno».

Eis como fala o grande escritor francés..

### Valle-Inclán ultraista

Veño de recibir o derradeiro número de *Grecia* (Madrid 1 Agosto 1920). A segunda cousa que trai é un poema de Valle-Inclán. *Estética de la mujer de color*. O meu amigo Isaac del Vando Villar di que aquilo é ultraista; eu non me quero meter neso, agora. Mais discutíbel que o ultraísmo de Valle-Inclán é o seu *galeguismo*.

Don Ramón foi un caso de fidelidad eixemprar á unha *estética* e mais á unha *posse*. Se agora abandona o seu *pasatismo* é sinxelamente porque o home, de que chega a certos anos, preocupase de non parecer vello. I-esto, a nós nonos pode parecer mal.

Pro Don Ramón non fixo na súa vida mais qu'enriquecer o castelán á conta do galego. Il levou da nosa lingoa frases, xiros, modismos, verbos de que hoxe s'ufana o castelán, que s'atopa que campa moi ben esí adornado de galas alléas. Don Ramón levou pra casa allea os bés da súa casa, misturou o viño das suas terras pr'endulzar o viño acedo do veciño, ardornou á súa querida coas alhaxas da súa muller.

Eis o galeguismo de Valle-Inclán... E nós, como lle imos querer ben?

### Euxenio Montes

No mesmo número de *Grecia*, Guillerme de Torre fai o retrato do noso Montes—iste rapaciño agudo que quixera tragar para Galicia á un tempo Nova York, Moscou e Montecarlo—do xeito seguinte:

«Moi atmósferico, iste futbolista verbal autúa tamén, coma prestixíador ideolóxico nas noites de gala do noso gran circo ultraista. E ceiba fo-

guetes-siñais antr'o brumario inte-leitivo zodiacal. O seu temperamento de volubel namoriqueiro, faino parecer hoxe com'o amante de curazón de DADÁ.

### A Avant-Garde Catalana

Tomás Garcés, a quen xa coñecen os leutores de A NOSA TERRA, e que leva na y-alma un aparato rexistrador de "todal-as correntes espirituais de Cataluña e de fora, home a un tempo inquisitivo e creador, mandoume os dous libros iniciás de movemento revolucionario das letras catalanas, a saber: POEMES EN ONDES HERTZIANES de Salvat-Papasseit e POEMES & CAL-LIGRAMES de J. M. Junoy.

Salvat Papasseit é cubista. Ten pr'os seus poemas títulos pictóricos: *Bodegón*, *Passeig*, *Linoleum*, *Interior*. Fai caligramas descritivos, como *Planol*, localizando abstraccións no espazo ô pé do Monte Aventino. Dinamiza outras veces, coma en *Columna vertebral: sageta de foc* ou no *Drama en el Port*. Plastizacións sempre turbadas d'un tremor de sensibilidade que, se cadra, fai que se retorzan as arquitecturas sabias, coma n'un retábulo churrigueresco, ou sóltase n'unha xaculatoria sentimental:

o que és dolçe escoltar el silencio  
(*Linoleum*)

I en fer entrada la superstició  
HEM ESDEVINGUT PAL-LIDOS  
(*Interior*)

Eu teño que dicir eiquí que nos mais dos colaboradores de *Grecia* non atopo senon xustaposicións d'imaxes, quero que sexan sempre ben costuradas; fáltalles a vibración que hay dentro d'istes poemas de Salvat-Papasseit. Asoméllanse a istalacións eléctricas sen fluído, y-eiquí, nas cousas de Salvat-Papasseit hay fluído. Non é outra cousa.

O libro trai un retrato cubista de Salvat-Papasseit por Barradas y-unhas ilustracións intresantísimas de Torres García.

O mesmo Torres García infórmanos en *El Día* de Tarrasa moi lumiosamente sobre do de Junoy. Iste é por moitos conceutos un espírito paralelo ô do que foi seu amigo Guillaume Apollinaire. Ten por riba d'iste, o ter chegado enforza de simplificar a faguel-o culismo craro com'un teorema, como se vé en *Art poética* e mais en *Eufonia*, que son d'unha perfección ausoluta.

As miñas preferencias están por duas cousas ben alonxadas a unha da outra. Unha é a *Oda a Gwynemer* caligrama d'un avión que se perde no ceo: «Je me suis félicité d'avoir imaginé cette plastique poétique á

laquelle vous fourvissez son premier chef-d'œuvre.» lle dixo Guillaume Apollinaire.

A outra é a que dí Garcés qu'anda perto do centro de gravidade do Junoy... Que me perdée de m'astrevere a traducila:

### ARCO DA VELLA

coverto do meu pixama de rayas multicoores  
lumioso nas tréboas da noite  
com'un arco da vella  
lumioso nas tréboas da noite  
coverto do meu pixama de rayas multicoores

Hoxe non podó entrar mais adiante.

VICENTE RISCO

Ourense, 1-VIII-1920.

## ENSAIOS

Croce, o insine filósofo e historiador italiano, foi nomeado ministro d'Instrución pública do país de seu.

Croce é partidario de establecer no ensino tódal-as diferenciacións que eixe a natureza das diversas comarcas italianas, rompendo o uniformismo absurdo oxe esistente alí, e que tanto magoa á cultura. Uniformismo somellante ô da Hespaña. Mas que alí rompeuse; i-eiquí Deus sabe cando ha poder romperse.

Croce, é mais admirábel, porque chegou ô cumio do intelektualismo universal—joh santiagueses sinxelos que non vedes ciencia senon nos doutores!—sen tere ningún título académico. Croce, para n'osco, é o Murguía italiano, ou Murguía o Croce galego.

A guerra entre Polonia e os Soviets rusos, eisi como a revolta d'Irlanda, son cousas para moito pensalas. Amáis veñen a determinaren unha elocuente paralización de nazonalismo e internazonalismo. Que contrasta abofé c'o grande fracaso da conferencia da Liga das Nazóns.

O de Irlanda i-o dos Soviets rusos son cousas vivas, cousas ríais e humanas. O da Liga das Nazóns que poido ser unha bela tentativa ideal e humanitaria, inda que cicais utópica, ten ficado xa n'unha farsada ridícula. Iso de qué se haxan semellado, como sucedeu en San Sebastián, repersentantes de varias nazóns, cando hay prantexados no mundo moi graves problemas, soementes para discutiren se ten ou non de se creare unha Universidade internazonal en Bélxica e se Alemania debe pagar ou deixar de pagal-os gastos das conferencias, resulta do xeito mais parvo...

Isto prova que Franza, Inglaterra, Italia e os mais Estados europeos siguen sendo os mesmos qu'eran enantes da guerra; siguen co'as suas diplomacias segredas, cos seus egoismos noxentos e co'a pouta pezoñenta do materialismo económico chantado no curazón.

Mas Irlanda, a heróica Irlanda, nosa irmá de raza groriosa, axeitou-se para lles demostrare a eses Estados poderosos que as nazonalidades apreixadas i-asoballadas saben pôrse ergueitas cando chegan â maturidade de xuício coleitivo e cando menos se decatan os tiráns. Demostrando tamén que o ideal de Wilson encol d'estes problemas, era nobre, xusto e humano.

Didiante o problema nazonalista tódol-os irlandeses fono e son unha sô vontade, esmorecéndose, coma de milagre; as diferenzas que parecían irredutibeis entre católicos, protestantes, señores, burgueses e proletarios. E vede, vede com'un pleito de nazonalismo conquiriu o agarimo cordial de tódol-os povos da Terra, deixando así xa moralmente derrotada â poderosa Gran Bretaña, que, inda que o tencionara, non podería repetir agora c'o consenso universal das xentes aquelas concentracións feitas no Trasvaal, tan somellantes ás de Weyler na illa de Caba e ás de Franza en Africa...

Pois mentres Irlanda axéitase de tal modo e maneira, os soviets rusos, o goberno dos soviets, parolando de potencia a potencia co'as grandes cancellerías europeas—mas sen andar con tapuxos con elas—demonstralles, enchéndolas de medo e inquietude, que nen ó Exército francés, nen o inglés, nen o italiano, nen outro algún, facerán armas contra da Rusia roxa sen causa xustificada e transcendente.

Asi Lenine, oxe é a figura de maor releve na política mundial.

Pol-o demáis, nazonalismo e internazonalismo, nazonalismo e liberdade, son cousas convertíbilis. Segun agora próbano os feitos a cando n'un povo surde con forteza o pleito nazonalista, tódol-os mais pleitos, inclusive o social trócanse de momento en secundarios. ¡A terra manda!...

A. VILAR PONTE.

**Pregamos a tódol-os nosos colaboradores que manden novos traballos, pois os que tiñamos en carteira van camiño de se romataren de publicar. Facémolle outro prego: que as cuartillas que remitan seian escritas con letra crara de non poderen vir escritos á máquina. Así fáiselles mais doado compeñelos aos tipógrafos, gañando tempo i-evitando erros d'imprensa. Pol-o ben de todos esto ha de ser moi comenente.**



## O agrarismo na provincia da Cruña

O agrarismo na Galiza vai para diante. Camiño de se resolvere en xeito de violencia caso de non o atender nas suas xustas eixenizas.

A Federación das Sociedades agrarias do Ferrol e Pontedeume, acordou anunciar ó Goberno a folga agraria de tódalas sociedades federadas de non seren atendidas as reclamacións dos empregados e obreiros da Constructora Naval do Ferrol. Acordou tamén aquela Federación recoller os filliños dos traballadores mais probes mentres dure a folga e boicotear si esta seguira, as prazas de maior importancia no momento comenente.

Acordou derradeiramente a mesma Federación tomar rexos e barudos xeitos de non facérense os repartimientos municipais nos distritos rurais conforme ó Decreto do 28 de Setembro do 98.

Pol-a sua parte a Federación agraria de Negreira, tamén vai conquerindo grandes progresos. E como n'elas — na Federación de Ferrol — Pontedeume e na de Negreira temos moitos amigos, bós galeguistas, que atopan dinos d' alando cáseque sempre os traballos da seición agraria da «Irmandade da Fala» cruñesa, pódese dicire que o noso idearium nacionalista vai camiño do triunfo, paseñamente.

¡Adiante, irmáns labregos!

## VOUNTADE

## Wenceslao González Garra

O Consello de Vilagarcía, tomou o acordo de nomear fillo predilecto da cidade d'Arousa ao Sr. Wenceslao González Garra.

Ten mercimentos d'abondo para elo. O ano 1918, cando a doenza gripal, donara unha respetábel cantidade para agarimo e socorro dos doentes probes.

Mas, inda sen eso, o Sr. Garra e o primeiro navieiro de consideración que surdeu na nosa Terra. O noso Sota, que pol-o amore que sinte pol-as cousas galegas enxebres, cicais acabe coma aquil en nazonalista militante.

Ele ten un xenio industrial inenso. Ele ademais foi Mecenás d'escriutores. «Fermosinda», verbigracia, a linda novela de Porto Rei, e os seus cartos imprentouse...

Wenceslao González Garra resulta un dos poucos ricos dinos de o seren n' esta digraciada Galiza onde a maioría dos que teñen moitos cartos ou son parvos ou imbéciles.

Non fillo predilecto da fermosa cidade d'Arousa, senon de tod'a patria galega, nosa santa patria, tería de ser poren nomeada o Sr. Garra, cuio apelido e simbólico.

## OS NÓSOS ARTISTAS NOVOS



RICARDO CAMINO

Este rapaz que inda non salvou a idade dos «dez e...» de que falara Cervantes, é unha das fortes esperanzas dos que cubizamos a eixistencia da escola de pintores galegos. Pensionado, e unha pensión moi cativa pol-o concello da Cruña, adprende e seguirá adprendendo nos centros artísticos de Madrid a perfeional-a sua técnica.

Camino mostra unha grande disposición para o retrato. Pesi-os seus poucos anos, xa ten feito algúns que non dubidarian en firmaren moitos mestres. Para a «Irmandade» da Cruña pintou un da santa e meiguña Rosalía que, drento do que pódese eixir na ampliación ao óle d'unha fotografía, resulta dino de loubranza i-aprauso. Fixera enantes un retrato do irmán, artista Camilo Diaz, moi notábel.

Agora mesmo tamén acaba d'amosstrar na vidreira d'un comercio da Rúa Reial da cidade herculina o seu autoretrato i-o retrato d'unha dona que revelan o fondo talento i-o domiño da côr que xa vai conquerindo o simpático e traballador mocío.

Camino promete donarlle moitos días de gloria á sua terra. Emporiso tería de l'aumentar o concello cruñés a cativa pensión que ven otorgándolle.

## Un artigo de Unamuno

D. Miguel de Unamuno publicou, vai xa para tempo, un artigo «Nacionalismo universalista», n' un xornal de Madrid. A ese artigo tiñamos xa dado resposta. Mas agora reproducio «La Voz de Galicia» querendo dar-

lleos o timo ós leutores de que fora escrito adrede pra tan caciquil, noxento e laberco xornaliño.

En «El Noroeste» contestou longamente noso irmán Anvipo. Pol-o mesmo eiquí sô diciremos que Unamuno na sua lucubración, pesi-ô seu talento, mais nada que parvadas escribiu.

## Coutaciõs decenaes

## Exposiciõs de arte

No «Liceo Recreativo de Betanzos» ten exposto o pintor Seijo Rubio, algús lenzos d'asunto galego.

Nos salóns do «Club de Regatas» da Cruña espuxo tamén mais de trinta apuntes de paisaxe galega e castelán o Sr. Antonio Suau.

Nengún d'amos artistas é galego. Inda que o primeiro seica ten oriñdez da nosa Terra.

## Da Academia Galega

Os días trinta e trinteun d'este mes terán lugar no balneario de Mondariz dous actos literarios, para receber como académicos ós poetas Rei Soto e Cabanillas.

O primeiro lerá un discurso falando do libro en Galiza, que logo tencionan imprentare. Halle dal-a respõta o ilustre orador Sr. Marcelo Macías.

O segundo, tratará da «saúde e os poetas galegos.» Contestaralle o poeta e xornalista, Sr. Rodríguez González.

Os discursos de Rei Soto e Macías son en castelán. Os de Cabanillas e Rodríguez González en galego.

Peinador, o bõ patriota a quen se lle debe a celebraciõn destes actos, merez sinceiras gañanzas.

## A bandeira da nosa Terra

E sabido que a «Irmandade» da Cruña ten solicitado do Concello da capital da Galiza que poña no seu balcón a bandeira azul e branca, nas festas oficiais, cabo da hespañola. O mesmo solicitou da Diputaciõn provincial.

Pois a «Mocidade galeguista» de Vigo ten solicitado o mesmo do concello daquela urbe. E n'unha sesiõn un concellal que ten de ser parvo e ilota, escravo d'espirito, dixo qu'él s'opõneria porque coida que sô eixite a bandeira roxa e marela. Iñora ese concellal que cõa bandeira galega serviu mais a Hespaña Galiza que co'aquela outra, inventada por Carlos III, pr'a mariña de guerra e pol-o mesmo moi moderna.

Por mor d'esto o persidente da «Mocidade Galeguista» de Vigo publicou unha carta aberta en «La Concordia».

A Cruña, erguendo a bandeira galega ten de dal-o exempro ás outras cidades e vilas da Terra. Para iso chámase a capital de Galicia.

## Festa galega en Salamanca

No xornal de Salamanca «El Adelanto», lemos unha longa e garimosa reseña d'unha velada d'honore a Galiza feita no aristocrático Colexo das Escravas, d'aquela capital. A señora Mercedes Becaría pronunciou un discurso de saúdo á nosa Terra. A señora Concepciõn Aldama, filla dos condos do mesmo nome, describiu con moita amenidade os principaes portos, rías, montañas e cidades galegos. A señora Trinidad Salinas falou das glorias mais saintes de Galiza, lembrando os episodios de Ponte Sampaye e do cerco da Cruña. A señora de Branco pronunciou ainda outro discurso sobre a lirica galega, puntualizando todol os xeitos pol-os que ten pasado d'end'os orixes até Rosalía Castro.

Cantarõse tamén cousas de Montes, Baldoмир, Veiga, Chané e cantigas populares.

Nosa embora a esas donas i-ás suas profesoras D'elas terian que deprenderen as cursis doniñas de acõ que non saben mais que acocharse en mantõns de Manila pra ir de verbena flamenguista.

## Peneirando

N'un vello número do noxento xornal madrileño ABC hachamos este solto, no que falábase de arte pitórica: "El Sr. Taibo es un artista creemos que extranjero; expuso varios cuadros en el Palace Hotel".

Ese Taibo extranxeiro era o grande e malogrado pintor galego que inda despois de morto conquistou unha medalla d'ouro en París.

¿Qué vos parece da crítica madrileña? Boeno, unha crítica na qu' é mestre o bô funcionario de Correos José Francés.

Agora resulta que a culpa de que o enlace dos trens en Monfort para acurtare as distancias entre a Cruña, Ourense e Vigo, téñenna as cámaras de Comercio da cidade herculina e da cidade da Oliva.

Así o di o "Diario de Orense".  
Temos nós razón cando coidamos que aque-

las Cámaras mais que Cámaras, "camarillas" de fachendosos, son dinas de desapareceren. Non serven para outra cousa que para amocar ós comerciantes e facer salaiar as prensas...

Cando os xornaes cruñeses entoaban un himno ao progreso local con motivo de se teren sembrado n'unha sô empresa a Fábrica do Gas y-a Cooperativa eléctrica, nós protestamos contra a parva alegría dos colegas.

Porque decatámonos daquela do qu' esto significaba ao lonxe unha suba abusiva de prezo no consumo de fluido eléctrico para os abonados.

E velaí o tedes... ¡Consumo mínimo tres kilovatios!

¡Oh, coleguiñas defensores dos intereses creados e turbos!

Eramos poucos, e pareu miña aboa.  
Non abunda o flamenguismo de Pérez Bazin, do "Noroeste" e dos pontevedreses servos de Riestra.

I-agora o Patronato da Caridade da Cruña, indose tamén pol-o flamengo... Organizando dúas corridas de touretes.

Pois que organize axiña unha festa teatral a base de "Los malhechores del bien" de Benavente.

E o que falta xa.

A compañía teatral de Ricardo Calvo foi loubadísima pol-os xornaes galegos.

Nós coidamos que non pode haber mais cativo aitor que Ricardiño.

Cando non había "Club de Regatas" na Cruña facíanse regatas.

Agora... con anunciar o "Club" no programa de festas, abonda.

## Lea vostede Á Nosa Terra.

**Prégase o todol-os suscritores que non reciban o noso boletín manden a queixa ô adeministrador pra facer a reclamación uo correlo. Prégase asimesmo ós que teñan a suscripción en descubierto, remitan o importe pol-o xiro postal.**

## FOLLAS NOVAS

# LIBROS É REVISTAS

### «NÉVEDA»—Novela de Francisca Herrera.

Con este título tense publicado n'estes derradeiros días unha novela en galego la enxebre escritora que mais d'unha vez honorou as columnas do noso boletín. Inda nos disfruitamos de lecer arelado para pórnos a leitrua do libro. Mas coidamos que "Néveda" ha ser unha nova prova esgrevia do moito talento artístico da conecida poetisa. Francisca Herrera xa e aurora de dous lindos volúmenes de versos: "Sonrisas e bágoas" e "Volallas na luz".

A novela que agora imprentou está persentada c'unha elegancia sinxela que honora os talleres de tipografía do Sr. Roel da Cruña. Leva en cores do notábel pintor Román Navarro. A obra véndese ao prezo de catro pesetas en tódal-as librerías.

### «EL DIVINO MÓNSTRUO»—Novela de Barbeito Herrera.

Inda sendo boas as obras literarias, percisan para o seu trunfo total ent' o gran público, dúas cousas que parescen parvas e non' o son. O acerte do título i-a presentación tipográfica. Unha obra xenial ou d'zutor de moita souna' pode sairse d'esta exención. Mas as dos noveles, non, xa o dixera "Clarín": pol-os títulos conezo cáseque sempre se un libro de literatura e bó ou cativo. Esto ben a conta de que iso do "Divino monstro" recende a cursilería. E sin embargo a novela de Barbeito non e unha cousa desperzável nen moito menos Andan por eses mundos de Deus produciós gabadas en grande, que abofé, se valen o q' esta.

Barbeito describe ben. E se deixase algunhas xiros cursis e sensibleros qu'emprega de cando en cando, o seu trunfo tería de ser meirande.

Ao remate da novela, ofrece un conto curto nomeado "Sabato" que podería firmalo con fachenda o contista mais esquisito. "El Divino monstro" editouse tamén na Cruña.

### THE TIMES.

O suplemento literario de "The Times" ao falar do libro de Xaquín Folguera "Les nove valores de la Poesía Catalana" que editou "La Revista" de Barcelona, di o seguinte:

"O povo teve pouca intervenção na elaboração do novo linguaxe poético de Cataluña, e Barcelona tende a monopolizar a literatrua ca-

talana, mentres na Galiza, unha rexión de pequenas vilas, a poesía nasce da propia vida campestre. Sendo, poren, o ambiente mais artificial en Barcelona."

### «HOY»—Xornal madrileño.

Neste xornal novo, que dirixe Vinardelle que ten simpatía garimosa para os movementos nazionalistas—xa se coneza qu' está inspirado por cataláns—Correa Calderon, noso querido irmán, publicou un artigo moi interesante en col' do arte de Castelao e dos mentores do nazionalismo e das "Irmandades" galegos.

Non reproducimos aquel artigo, porque n'él hai loubanzas para irmáns e "A Nosa Terra" ten mentes de non adiear "bombos" inda pillados do áleo, cando se refiran ós da casa.

### LA OBRA POÉTICA DE CONCEPCIÓN ARENAL.

Así chama Narciso Correa e Freire de Andrade a un folleto de seu no que editou o discurso que ten pronunciado no Ferrol cando a lembranza do primeir centenario da xenial pensadora galega. Correa un dos mellores oradores retóricos da Hespaña, fai dos seus discursos verdadeiras obras de orfebrería literaria. Cinceia os trechos da prosa con amore d'esteta namorado da forma. Son musicas as palabras combinadas por ele. Moito agradecidos ao exémpar do folleto que nos adicou.

### «LA REVISTA»—Barcelona.

O derradeiro número é coma todos moi dino de se conecere. N'él atopamos un artigo curto sobre a Escola normal catalana que aserada pol-o seu Consello de Pedagogía vai fundar a Mancomunidade de Cataluña. Esta iniciativa foi ben acollida na nazón irmá. "E—di un escritor naquel boletín—a mais trascendental de tódal-as orientacións que téñense operado en Cataluña desde encomenzou a actual renascenza."

Non doadamente ha ser posible traballar pol-a educación do povo, senon existen mestres axeitados para ela. "Até agora as expresións mais bárbaras e primitivas de anticatalanismo achábanse en Barcelona en moitas escolas do Estado, mal chamadas Catalanas."

Fala tamén "La Revista" da política mediterránea.



# O DIPUTADO POR VEIRAMAR

NOVELA DE GONZALO LOPEZ ABENTE

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principais librerías de Galicia.

**Precio, 3 réas.**

VÉNDESE:

NA CRUÑA, Administración «A NOSA TERRA», e IRMANDADE DA FALA.—FERROL, Librerías de Comadira e de Gerardo Castro.

## EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESTORES

**F. BERTRAN E MIRANBELL**

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

## Gran H. Universal

Rua da Reina (da Rainha) 21-LUGO

O MAÍS NOVO E MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

## Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rúa do Circo, 16—VIGO

## LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Blazor)

## J. SOUZA

SUCESOR DE LAFUENTE

SUCURSAL DO DEPÓSITO HIDROGRÁFICO

**PAPELERÍA E LIBRERÍA**

Ouxetos d'esquirtorio, Dibuxo e Pintura, Postaes, Aparatos de ciencias, Artigos de coiro, Ouxetos pra regalos, Fotogra-bado, Tricomia e Catromía, Osteoloxía, Anatomía, Geoloxía, Historia natural, Grabado,

Cantón Pequeno, 13. A CRUÑA

## M. VILLUENDAS

IMPRENTA

IMPRÉNTANSE TODA CRAS DE TRABALLOS FINOS.

**BETANZOS (CRUÑA)**

## FARMACIA EUROPEA

— DE —

**LOPEZ ABENTE**

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Mon tada con arreglo o derradeiros adiantos.

## Hotel Continental


Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**

A CRUÑA



## LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAN

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Braxil e a Arxentina pol-os acretados vapores correios

## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> intermedia e 3.<sup>a</sup> crás

Pra informes respeito das datas de saidas e prezos de pasaxe dirixirse ó Axente xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro,—Consinatario na Cruña e Vigo.



# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE  
SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

PRÓISIMAS SAIDAS PRA HABANA E VERACRUZ

Prezos do pasaxe (incruídos os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte de paseo:		
Camarotes de luxo. . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores. . . . .	» 1.668'75	1.753'45
Ponte superior:		
Camarotes exteriores. . . . .	» 1.498'75	1.593'75
Id. interiores. . . . .	» 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior. . . . .	» 1.295'75	1.378'75
Segunda crase. . . . .	» 1.103'75	1.088'75
Preferencia . . . . .	» 808'60	798'60
TERCEIRA CRAS. . . . .	» 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciarase oportunamente

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitir seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda clase d'informes sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario.

D. NICANDRO FARIÑ —Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo.



## Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS, MONTEVIDEO e BOS AIRES,

Proisimas saidas por acretados vapores correios a gran velocidade.

Admite pasaxeiros de cámara e 3.<sup>a</sup> cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA CRASE Pesetas 374'60.—Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.—De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTAS INTERESANTES.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Axencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitíndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorización, nin poderes ante os Consules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da súa familia.

O día da saída anunciarase con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Axentes Xeneraes en Hespaña.

ANTONIO CONDE (Fillos).—Praza d'Ourense, 2.—A CRUÑA.



## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saída do porto da Cruña para Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día 30 de Agosto, saira da Cruña o paquete correo

### SAMARA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahía	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. . . . . Ptas.	1.072'25	1.116'25	1.336'25	1.380'25	1.580'25	1.556'25
En segunda crase . . . . . »	793	815	859	881	947	1.035
En segunda intermedia . . . . . »	628	628	628	628	628	628

Prezo do pasaxe en 3.<sup>a</sup> crase a Brasil, Montevideo y Bos-Aires, (incruídos impostos) Pesetas 359'60

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPAÑÍA (S. C.) Praza d'Ourense 2 B e Feixóo 2.—A Cruña.